

# QUE É O BONO COIDADADO?

O Bono Coidado é unha achega económica ás familias para contribuír ao pagamento de servizos de atención a domicilio de nenas e nenos menores de 12 anos en supostos puntuais.



Poderán beneficiarse as familias con nenos e nenas menores de 12 anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares.

## QUE REQUISITOS HAI QUE CUMPRIR?

### HAI QUE CUMPRIR?

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter unha nena ou un neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2005 respecto da anualidade 2017 e con posterioridade ao 31 de decembro de 2006 respecto da anualidade 2018.
- Que a renda da unidade familiar, entendida como a suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro non supere os 45.000€ ou os 13.500€ per cápita.



1

Enfermidade da ou do menor e imposibilidade de ser coidado polos membros da unidade familiar.

2

Enfermidade da persoa coidadora habitual.

3

Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación.

4

Situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado, tanto do cónxuxe ou parella como de familiares ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, que impidan a atención do neno ou da nena polos membros da unidade familiar.

## CAL É O SEU IMPORTE?

A contía da axuda estará determinada polos seguintes tramos segundo a renda per cápita familiar:

- ATA 3.750 EUROS, 14€/HORA
- SUPERIOR A 3.750 EUROS E ATA 7.500 EUROS, 11€/hora.

- SUPERIOR A 7.500 EUROS E ATA 10.000 EUROS, 9€/hora.
- SUPERIOR A 10.000 EUROS, sempre que a renda da unidade familiar non supere os topos establecidos, 7€/hora.

Subvencionarase un máximo de 80 horas por familia, 20 para a anualidade 2017 e 60 para a anualidade 2018. O número total de horas incrementarase un 15% por cada fillo/a menor de doce anos a partir do primeiro.

## QUE SUPOSTOS CUBRE?



### COMO SE FAI EFECTIVA?

Notificada a resolución de concesión, as persoas beneficiarias disporán dunha bolsa de horas. O pagamento da axuda farase efectivo logo de achegarlle á xefatura territorial da Consellería de Política Social correspondente a seguinte documentación:

- A. Solicitud de pagamento.
- B. Facturas orixinais onde conste expresamente o día e hora/s en que se prestou o servizo xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. Tamén se aceptará a xustificación do pagamento en efectivo mediante un recibín do/a provedor/a.
- C. Xustificación documental da situación puntual que dá dereito á percepción da axuda.



## ONDE SE PODE SOLICITAR?

Na sede electrónica da Xunta de Galicia  
<https://sede.xunta.gal> e nos diferentes  
registros da Administración.

O formulario de solicitude está  
dispoñible na páxina web:  
[www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos](http://www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos)

## ATA CANDO SE PODE SOLICITAR?

As solicitudes de axuda poderanse  
presentar ata o 30 de abril de 2018.



galicia

## BONO COIDADO

### MÁIS INFORMACIÓN

<http://www.xunta.gal/politica-social>  
<https://sede.xunta.gal>

Xefaturas territoriais da Consellería  
de Política Social. Teléfono 012



XUNTA  
DE GALICIA

## BONO COIDADO

ACHEGA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS PARA  
CONTRIBUIR AO PAGAMENTO DE SERVIZOS DE  
ATENCIÓN A DOMICILIO DE NENAS E NENOS  
MENORES DE 12 ANOS EN SUPOSTOS PUNTUAIS.



XUNTA DE GALICIA